


CAMPIONATO GALEGO DE SPRINT | ETAPA 1

CONCELLO PORTO DO SON

ORIENTACIÓN



BOLETÍN 1

Campionato Galego de Sprint | Etapa 1

1. Datos xerais:

Horario:

14:30.- Apertura de Secretaría.

15:00.- Cuarentena (Pavillón Santa Irene).

15:30.- Saída dos primeiros participantes.

17:30.- Peche de meta.

Mapa:

URBANO PORTO DO SON.

Escala 1:4000.

Equidistancia: 5 metros.

Tipo de proba:

Carreira Urbana de distancia sprint.

Tempo máximo de carreira: 50'

Como chegar:

A vila de Porto do Son atópase na ría de Muros e Noia entre as localidades de Noia e Santa Uxía de Ribeira. Para chegar a nosa vila, podedes acceder, si se viaxa desde a zona Sur, pola autovía do Barbanza (AG-11) ata a localidade de Ribeira e, desde alí, coller dirección N pola AC-550. Tamén, accedendo desde

a zona de Santiago, a través da Autovía de Brión (AG-56), que logo se transforma no corredor de Noia (CG-1.5).

Características:

Mapa urbano elaborado no 2015 que recolle o casco da vila de Porto do Son no que se desenvolverá integramente a proba, en distancia sprint, sendo polo tanto de aplicación a normativa específica desta modalidade.

Carreira rápida, de moitas tomas de decisión e lectura continua de mapa.

Levarase a cabo unha cuarentena dos participantes, sendo obrigatorio estar dentro do Pavillón Municipal antes das 15:00.

Esta proba forma parte, xunto coa proba que vai a organizar o club **BUDIÑO RAID**, do Campionato Galego de distancia **SPRINT**. Para establecer a clasificación, sumaranse os tempos que se obteñan nas dúas probas, en función dos cales, se establecerá a clasificación. Para formar parte da clasificación do Campionato Galego, é indispensable participar e obter un tempo válido en ámbalas dúas probas.

2. Percorridos:

Para participar nunha das categorías oficiais, en función da idade do deportista, hai que estar en posesión da licenza deportiva correspondente, emitida pola Federación Española de Deportes de Orientación. O resto dos

participantes, deben inscribirse nas categorías de Iniciación Curta ou Iniciación Longa.

CATEGORÍA	ANO NACEMENTO	DISTANCIA	DESNIVEL
Iniciación Curta	<i>Indiferente</i>		
Iniciación Longa	<i>Indiferente</i>		
M/F – 12	2006-2007		
M/F – 14	2004/2005		
M/F – 16	2002-2003		
M/F – 18	2000-2001		
M/F – 21	<i>Indiferente</i>		
ÉLITE	Indiferente		
M/F – 35	1983 e anteriores		
M/F – 40	1978 e anteriores		
M/F – 45	1973 e anteriores		
M/F – 50	1968 e anteriores		

3. Inscripcións:

Ata as **23.50 horas do domingo 08 de Abril**.. Realizaranse a través do sistema de inscricións da FEGADO, desde a súa páxina web (<http://fegado.es/intranet>).

- Os deportistas xa dados de alta na intranet, deberán seleccionar o evento, marcarán a categoría na que desexen competir e confirmarán a súa inscrición.
- Os deportistas que non están dados de alta na intranet, teñen que crear un perfil na mesma, seguindo as instrucións da propia web. Aconséllase a estes participantes que contacten con algún club para canalizar as inscricións a través dos mesmos.

Prezos das inscricións		
Federados	Non federados inclúe seguro federativo de 1 día	
5 €	INI CORTA	INI LARGA
		7 €

Utilizarase o sistema SportIdent como sistema de control de tempos. Nos datos de inscrición hai que indicar o número da pinza/tarxeta SI. A todo aquel que non indique este dato, asignaráselle unha pinza de aluguer, que se deberá recoller na zona da secretaría o día da proba. O prezo do aluguer da pinza/tarxeta SportIdent é de **3 €**, que se sumará a cota de inscrición de cada participante. A perda da pinza/tarxeta suporá o pago do seu custo (**35 € /12 €**).

O ingreso da cota de participación realizarase mediante un ingreso na conta bancaria do club:



TITULAR: Asociación deportiva e cultural Arnella

IBAN: ES08 0073 0100 5905 0538 8597

CONCEPTO: **SPRINT** + nome do club (ou participante)

Unha vez realizado o pago, hai que enviar copia do xustificante ó e-mail do club (adcarnela@gmail.com)

4. Comer e durmir.

https://drive.google.com/open?id=13qHkEcQEHY_F41XXu3U1vzvpac&usp=sharing

5. Colaboradores:

